

# REVISTA GALEGA DE BENEFICIO SOCIAL

COMENTARIOS

## XURISPRUDENCIA SOBRE SEGURIDADE SOCIAL TRIBUNAL DE XUSTIZIA DAS COMUNIDADES EUROPEAS XANEIRO-XULLO DO 2002

Neste primeiro semestre do 2002 hai que recoller varias aportacións especialmente salientables da Corte Comunitaria en materia de Seguridade Social<sup>1</sup>.

Pola evidente incidencia que poder ter nas situacións xurídicas de emigrantes retornados, hai que referirse en primeiro termo ó asunto C-55/00 *Gottardo*, sentenza do 15 xaneiro 2002, que ven opoñerse a unha doutrina restrictiva que alcanzara a súa máis clara expresión no asunto C-93/22 *Graña Novoa*, sentenza do 2 agosto 1993. A cuestión que se suscitaba era referida ó dereito dunha traballadora francesa a unha pensión de xubilación italiana con cómputo de cotizacións francesas e suízas, tendo en conta que existía convenio bilateral entre Suíza e Italia aplicable a traballadores italianos. A entidade xestora italiana rexeitou a solicitude, alegando que non era posible aplicarlle a unha traballadora francesa un convenio bilateral italo-suízo. Sen embargo, o Tribunal das Comunidades declara que ós traballadores dos Estados membros haille que aplica-la normativa bilateral en calquera outro Estado membro nas mesmas condicións que se lle aplicarían a un nacional deste último.

A transcendencia desta doutrina é obvia, nos casos en que un traballador requira cotizacións dun Estado non membro co que outro Estado distinto do que é nacional teña convenio bilateral e deba solicitar da entidade xestora do mesmo a prestación correspondente.

Outra sentenza dun interese indiscutible é a que que resolve o asunto C-277/99 *Kaske*, sentenza do 5 febreiro 2002, sobre a aplicación do convenio bilateral de Seguridade Social con preferencia do Regulamento 1408/1971 como norma máis favorable. A curiosidade desta sentenza é que se refire a unha prestación de desemprego, á que era dubidosa a aplicabilidade da doutrina establecida no asunto C-227/89, *Rönfeldt*, sentenza do 7 de febreiro do 1991 sobre a dita preferencia. A doutrina ratifícase, aínda nun caso

---

1 Pódese consulta-lo texto destas sentencias en <http://curia/eu.int>.

no que no Estado de orixe do traballador non se aplicaba o Regulamento 1408/1971, nin o Dereito orixinario no momento de exercicio da libre circulación. A diferenza do asunto C-475/93 *Thévenon*, sentenza do 9 novembro 1995, parte da cotización da que derivaba o dereito á prestación por desemprego, se producira antes da entrada en vigor para a República Austríaca da dita normativa comunitaria, de xeito que era aplicable o convenio bilateral, incluso para o período posterior á aplicabilidade da mesma neste Estado. Cousa distinta sería que todo o traballo que fundamentara o dereito á prestación se desenvolveuse logo da referida entrada en vigor, caso no que rexería, segundo a doutrina *Thévenon*, a normativa comunitaria e non o convenio bilateral.

O asunto C-255/99 *Humer*, sentenza do 5 febreiro 2002, reitera que unha prestación austríaca de anticipo de prestacións alimenticias das que era responsable directo o pai dunha menor é unha prestación familiar no sentido do Regulamento 1408/1971, sen que se poda esixir que a beneficiaria resida no Estado que concede o anticipo, máxime cando o proxenitor que asume a garda e custodia se desprazou en exercicio do seu dereito á libre circulación.

Resulta particularmente destacable e interesante dende a perspectiva do noso dereito interno o asunto C-28/00 *Kauer*, sentenza do 7 febreiro 2002. Refírese ó cómputo como período de seguro ó abeiro do Dereito austríaco dun período no que unha muller dedicouse ó coidado dos fillos sucedendo que se trasladara a outro Estado membro no que non desenvolvera actividade por conta propia nin allea. O Tribunal considera que na toma en consideración deste tempo non pode afectar o traslado de residencia a outro Estado, xa que a lei aplicable á interesada seguía a ser a do Estado de orixe, en aplicación da doutrina do asunto C-135/99, *Elsen*, sentenza do 23 novembro 2000, xa que os fillos naceran no Estado austríaco. E sen que este poda limitar retroactivamente a eficacia deste tempo residido noutro Estado membro ou esixir adicionalmente que a interesada recibira subsidio por maternidade de acordo coa lexislación austríaca.

A mesma atención merece o asunto C-215/00, *Rydergard*, sentenza do 21 febreiro 2002. Refírese ó caso dunha traballadora á que non se lle permitira "exporta-la" prestación de desemprego para buscar traballo noutro Estado membro polo feito de que non cumpría o requisito de ter pasado catro semanas a disposición do Estado competente, polo feito de que algúns días disfrutara dun permiso parental para atender a un familiar enfermo. Esta sentenza declara que aínda que lle corresponde a cada Estado apreciar se o desempregado permaneceu a disposición dos seus servizos de emprego, o referido período de catro semanas non ten que ser ininterrompido.

En referencia á normativa anticúmulo e de redución de prestacións hai que aludir ó asunto C-107/00, *Insalaca*, sentenza do 7 marzo 2002. A cuestión referíase a unha beneficiaria dunha prestación de supervivencia concedida pola entidade xestora italiana á que se lle reconece outra prestación de supervivencia en Bélxica. Sen embargo, esta prestación é obxecto dunha redución de conformidade coa lexislación belga, o que fai que se desenvolva un procedemento xudicial no marco do que se prantexa cuestión prexudicial. A Corte declara que, como as prestacións belga e italiana son da mesma natureza, de acordo co art. 46 *ter*, alínea 1 no é posible a dita redución nos casos en que as prestacións adebedadas segundo o dereito interno sexan menos favorables cas determinadas en seguimento do art. 46 do Regulamento 1408/1971.

De evidente aplicación práctica vai ser a sentenza que resolve os asuntos C-393/99 e C-394/99, *Hervein e outros*, sentenza do 19 marzo 2002. Refírese a traballado-

res que ostentaban a condición de concelleiros e directivos de sociedades de capital. En seguimento do dereito francés, están adscritos ó réxime de traballadores por conta allea. Sen embargo, segundo o italiano, ó de traballadores por conta propia. Como os interesados exerceran os ditos cargos en sociedades establecidas en ámbolos dous Estados membros, ou simultaneamente en sociedades domiciliadas nun e noutro, xurdiu o problema do réxime ó que debían cotizar. Ó cotizaren ó francés por conta allea, a entidade belga reclamoulles as correspondentes cotizacións derivadas de actividade por conta propia, reclamación que deu lugar ós procesos xudiciais e as correspondentes cuestións prexudiciais. O Tribunal responde que a dobre cotización pola mesma actividade cualificada por conta propia nun Estado e por conta allea noutro non é contraria ó Tratado constitutivo na medida en que a cotización por conta propia lle proporciona ó interesado unha protección social adicional, sen prexuízo da aplicabilidade das normas anticúmulo. Aínda que, nos casos controvertidos, a aplicabilidade do convenio bilateral franco-belga, en seguimento da doutrina do asunto *Rönfeldt* (cit.) conduciu á conclusión contraria: que o Estado belga non lles podía reclamar as cotas supostamente adebedadas.

O mesmo cómpre dicir, verbo do seu interese, da sentenza que resolve o asunto C-290/00, *Duchon*, sentenza do 18 abril 2002. Parte da obriga de tomar en consideración os períodos de seguro cubertos noutro Estado membro, aínda que sexan anteriores á aplicabilidade do Regulamento no Estado ó que corresponda determina-la prestación de Seguridade Social. E de que hai que aplica-lo dereito comunitario á liquidación dos dereitos de Seguridade Social nados trala adhesión do Estado membro á Unión Europea, aínda que o feito causante ocorrira antes. O caso controvertido referíase un accidente de traballo sucedido en Alemaña longos anos antes da adhesión da República Austríaca. Engadiuse que non era consonte ó Tratado unha norma nacional segundo a que o período de seguro esixible para unha prestación por incapacidade unicamente deixaba de esixirse no caso de que o traballador estivese afiliado a un seguro obrigatorio ou facultativo austríaco, por máis que o feito causante fose anterior á dita adhesión. E tampouco a toma en consideración exclusiva, como período neutro, ós efectos de prorroga-lo período de referencia, dos espazos de tempo no que o beneficiario percibira unha renda de invalidez ó abeiro dun réxime austríaco de seguro de accidentes, sen cómputo de períodos análogos con cargo a seguros de accidentes noutros Estados membros. En consecuencia, se declara a nulidade do art. 9 bis do Regulamento 1408/1971, na medida en que exclúe ós ditos efectos a posibilidade de ter en conta os períodos nos que se lle aboaran ó beneficiario rendas por continxencia profesional en virtude da lexislación doutro Estado membro<sup>2</sup>.

JAIMÉ CABEZA PEREIRO

Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social.

Universidade de Vigo.

2 Art. 9 bis: *Se a lexislación dun Estado membro supedita o recoñecemento do dereito a unha prestación ó cumprimento dun período mínimo de seguro durante o período inmediato anterior a que se produza o feito asegurado (período de referencia) e dispón que os períodos nos que se concedesen prestacións en virtude da lexislación dese Estado membro ou os consagrados á educación dos fillos no territorio de dito Estado membro prolongando dito período de referencia, tamén o farán os períodos nos que se concedesen pensións de invalidez ou vellez, prestacións de enfermidade, desemprego ou accidente de traballo (exceptuando as rendas) en virtude da lexislación doutro Estado membro, así como os períodos consagrados á educación dos fillos no territorio doutro Estado membro.*